

## ANÁLISE COMPUTACIONAL DE DISCURSOS POLARIZADOS SOBRE CUESTIÓNS IDENTITARIAS

CÉSAR GONZÁLEZ-PÉREZ

Incipit - CSIC

Se hai unha característica propia do mundo actual, é o da polarización. Coa popularización das redes sociais, o aumento dos medios de información dixitais masivos e a democratización do uso de Internet, calquera pode emitir a súa opinión ante millóns de persoas ou responder ante calquera outro. Neste contexto, a polarización é moi habitual.

A polarización é un proceso polo cal as opinións das persoas mudan desde posicións matizadas e abertas cara a outras máis radicais, absolutas e intransixentes. Isto é especialmente así cando se refire a asuntos que inflúen na nosa identidade, como preferencias políticas, sentimentos relixiosos, ou dereitos de colectivos minorizados. A polarización é un fenómeno social complexo que non se pode explicar adecuadamente, e moito menos mitigar, a través de factores ou accións puntuais. O que si podemos facer é intentar comprender mellor este fenómeno, analizar as súas dinámicas, e avaliar como a xente muda de actitude ou opinión dependendo dos discursos cos que interactúa.

Nesta charla presentarei o noso traballo dos últimos anos, no que deseñamos IAT/ML ([www.iatml.org](http://www.iatml.org)), un novo xeito de estudar os discursos polarizados, baseado en análises de tres tipos: ontolóxica (sobre que fala a xente), argumental (como xustifican o que din) e axencial (cales son as súas crenzas, desexos e intencións ao falaren). Tamén amosarei como distintas análises computacionais poden ser aplicadas sobre os resultados destas análises para xerar novo coñecemento e visualizar os resultados. Usando exemplos reais sobre patrimonio cultural disonante, feminismo e educación, veremos como indagar no que a xente di para comprender mellor as causas dos conflitos e avanzar posibles vías de mitigación.

### BIONOTA

Científico Titular no Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit) do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), onde dirixe unha liña de coinvestigación en enxeñaría do software, linguaxe e patrimonio cultural. Con anterioridade, traballou en diversas organizacións académicas e empresariais de España e Australia nas áreas de modelado conceptual, metamodelado, enxeñaría de métodos situacionais e desenvolvemento de sistemas de software, con especial orientación aos problemas patrimoniais. É activo na comunidade internacional de normalización, foi promotor de tres empresas de base tecnolóxica e é autor de máis de 100 publicacións.